

9. LIGA 2ª DIVISIÓN JÚNIOR MASCULINA.

9.2. CAMPIONATO DE 2ª DIVISIÓN JÚNIOR MASCULINA

Esta competición estará formada polos equipos inscritos ao comezo da tempada

A organización da competición será comunicada unha vez se distribúan os grupos que conformarán a citada liga.

9.3. DATA DE INSCRICIÓN E EQUIPOS PARTICIPANTES

Data tope de inscrición: 15 de Setembro as 18.00 hrs.

Poderán participar os equipos de categoría Júnior Masculina que se inscriban especificamente no campionato de 2ª División Júnior masculina nos prazos previstos nestas bases de competición.

9.4. XOGADORES

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será o 28 de febreiro do 2017. Nesta competición permitirase un máximo de 15 xogadores que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadores por partido.

Excepcionalmente na Fase de Ascenso permitirase que como máximo tres xogadores pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñados.

9.5. ARBITRAXES

As arbitaxes serán autonómicas.

9.6. FORMA DE XOGO

Liga Regular

Os equipos inscritos dividiranse en grupos dun máximo de 12 equipos a ser posible, distribuídos por proximidade xeográfica. A distribución, composición e número de integrantes dos grupos a efectuará o Comité de Actividades da FGB.

Nestes grupos xogarase unha liga a dobre volta todos contra todos (22 xornadas máximo).

Datas de Xogo

A competición disputarase nas seguintes datas que poderán ser modificadas polo Comité de Actividades da FGB:

Outubro: 9, 16, 23, 30
Novembro: 6, 13, 20, 27.
Decembro: 11, 18.
Xaneiro: 15, 22, 29
Febreiro: 5, 12, 19, 26
Marzo: 5, 12, 19.
Abril: 3, 10.

Fase de Ascenso:

Disputarán a Fase de Ascenso os primeiros clasificados de cada un dos grupos (ata un máximo de oito equipos) e distribuiranse de novo por proximidade xeográfica en grupos de non máis de 4 equipos, que xogarán unha liga a dobre volta (6 xornadas) ou ben xogarse un Play-Off entre eles.

Os equipos Campións de cada un dos grupos da fase de ascenso ascenderán á Liga de 1ª División Júnior Masculina na tempada 2017-18.

A continuación disputarase unha eliminatoria entre o primeiro clasificado de cada un dos grupos para designar o Campión desta división, podendo ser a partido único na sede designada pola Federación Galega de Baloncesto ou a ida e volta nunha fin de semana (a criterio do Comité de Actividades) xogándose o segundo encontro na cada do equipo con mellor clasificación segundo o seguinte criterio:

- 1º.- Con máis puntos na clasificación xeral.
- 2º.- Con máis encontros gañados.
- 3º.- Con mellor Basket-average.

Datas de Xogo

Abril: 23, 30
Maio: 7, 14, 21, 28.

Para a clasificación final terase en conta o seguinte:

- 1º.- Con máis puntos na clasificación xeral.
- 2º.- Con máis encontros gañados.
- 3º.- Con mellor Basket-average.

Final: 3-4 Xuño

Copa Primavera

Os equipos que non se clasifiquen para a Fase de Ascenso poderán disputar a Copa Primavera, que ao efecto poderá organizar a FGB. Sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base as solicitudes para disputala.

9.7. BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

9.8. HORARIOS

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 10.00 h, 12.00 h, 16.00 h, 18.00 h e 20.00 horas e domingos: 10.00 h e 12.00 h e 17.00 h. e 19:00 h.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00, ou o domingo ás 19.00 hrs., e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 ou as 16.00, 18.00 ou 20.00 hrs. se é sábado e as 12.00 ou as 17.00 hrs se o encontro se disputa en domingo, sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto.

Os horarios dos encontros de cada xornada deberán remitirse vía mail á FGB o martes anterior ao encontro, de non facelo será potestade da FGB marcar o horario e o campo de xogo, sendo responsabilidade do equipo local ter o terreo de xogo libre. Así mesmo, o Comité de Actividades enviará os mércores a todos os participantes os horarios correspondentes a cada xornada. A FGB poderá autorizar como día de xogo os luns, martes, mércores, xoves e venres entre as 20.30 h e as 21.15 h., salvo que o equipo que se desprace o faga dende máis de 25 km. por traxecto. Puntualmente calquera outro horario incluído calquera día da semana poderá ser autorizado pola FGB sempre que os equipos estean de acordo.

9.9. DATAS DE SORTEOS

Liga Regular: 26 de setembro ás 18.00 h. na sede que determine a FGB.

Fase Ascenso: 10 de abril ás 18.00 h. na sede central da FGB.

9.10. TERREOS DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Este terreo de xogo no que disputará os encontros deberá estar catalogado como mínimo como NIVEL II dentro da Normativa de Terreos de Xogo.

Nos encontros en que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este, sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

• COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>
<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

9.11 COPA OUTONO

A federación Galega de Baloncesto organizará a Copa Outono tendo en conta estas premisas:

EQUIPOS PARTICIPANTES

A disputarán os equipos que se inscriban o efecto antes do 30 de xullo.

No caso de que para esta Copa Outono se inscriban menos de 4 equipos non se levará a cabo.

Todos os xogadores/as que disputen esta Copa tiveron que ter licencia na temporada anterior na Comunidade Autónoma Galega. De non ser así deberán abonar o seguro deportivo correspondente.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñados na copa, sempre e cando estes equipos se atopen debidamente dilixenciados.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o equipo local están obrigados a comunicar o resultado, o mesmo día do encontro, á delegación que organice a competición, vía teléfono ou mail, ou por calquera outro medio que comunique a Federación antes do comezo da competición.

FORMA DE XOGO

O Comité de Actividades en base os equipos inscritos formulará o sistema de competición

DATAS DO SORTEO E XOGO.

Data de sorteo: 02 setembro ás 17.00 hrs.

Os equipos inscritos para esta fase poderán renunciar a xogala con 48 horas de antelación á data do sorteo. No caso de facelo posteriormente a esta data, a súa renuncia será comunicada ao Comité Disciplinario competente.

Datas de xogo (poderán ser dobres xornadas):

Setembro: 11, 18, 25.

Outubro: 2.

Final: 9 Outubro